

ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

- **ÁMBITO DE INTERVENCIÓN A:**

Actuacións encamiñadas a cohesionar ao grupo clase, preparalo para traballar en equipo, predispoñelo para a cooperación e convertilo, pouco a pouco, nunha **pequena comunidade de aprendizaxe**.

- **ÁMBITO DE INTERVENCIÓN B:**

Actuacións encamiñadas a utilizar o traballo en equipo para ensinar e os contidos das diferentes materias.

Consiste en utilizar de forma cada vez máis xeneralizada estruturas cooperativas para **aprender xuntos** e para **axudarse a aprender**.

- **ÁMBITO DE INTERVENCIÓN C:**

Actuacións encamiñadas a ensinar a traballar en equipo como un contido máis.

Consiste en ir ensinando aos alumnos e ás alumnas a traballar en equipo para superar os problemas que van xurdindo, ensinarlles a autorregular o funcionamento do equipo e organizarse cada vez mellor.